

LETRAS GALEGAS 2016 MANUEL MARÍA

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

IES Salvador de Madariaga

POEMAS PINTADOS



O POEMA

Un poema é un ser vivo que anda,
respira, soña, chora, salouca,
ama, berra, cintila, escurece,
cala, aborrece a mentira,
sente odio e tenrura, deságrase,
fala de intimidade a intimidade
coas cousas e coa xente, suxire
mundos posíbeis e imposíbeis,
súa, cansa, sofre sede e fame,
adoece, agoniza. E nunca morre.

O MIÑO

O Miño é vello e tristeiro:
sempre vai mudo e vai senlleiro.
No Inverno semella que murmura
un segredo con forte voz escura.
Un escoita, atento e esperanzado,
e o vello Miño sempre vai calado.

ODE Á BELEZA DA PALABRA

Só a palabra vale. Unicamente
ela ilumina o mundo,
dálle claridade ás cousas
e fai nidia e intelixíbel
a confusa escuridade do noso
ser, mortal e indeciso.
Todo muda. Somente a palabra
permanece, na súa infinitude,
se leva dentro de si a chama
que un día queimou, con
lúcida paixón e con verdade,
a desolada flor da nosa vida.

VERBAS A MIÑA NAI

Dígoche agora, nai, estas razóns
 porque quero voltarche
 aquelas verbas doce como o mel
 que deprendín dos teus beizos
 cando neno.


Non teño, nai, a túa tenrura!

Eu, que ando empeñado
 en ser poeta,
 non teño verbas
 doces,
 sinxelas,
 claras,
 amorosas
 como as verbas
 con que ti me arrolache,
 miña nai.

Cecais sexa tolemia
 este tentar apreixar verbas amantes
 para che facer con elas un cantar.


Cecais
 a vida pobre que vivín
 me secou a fonte da tenrura
 e por iso estas verbas
 son secas como seixos.

Xa ves:
 non teño verbas
 pero teño
 un salouco que me enche todo o peito.



ROSAS

Sempre a rosa. Sempre:
 a forma,
 a cor,
 o recendo,
 a luz,
 a perfección da rosa.
 Prefiro a rosa vermella.
 E amo a rosa branca
 porque, cando lle digo
 simplemente: ROSA,
 entrecerra os ollos,
 treme
 e ruborece.



O CORVO

O corvo é mouro, agoreiro
 e ten moi duro o acento.
 Cando grazna no Xaneiro
 racha en anacos o vento!



Reconciliádevos coa terra,
coa pura espiritualidade
da materia que sinte, ama
e odia: só ela fai os altos,
fondos sentimentos humanos.
Comprendede e amade.
Dádevos, sen retesías, á
forza que move o mundo,
á música acordada e visíbel
das esferas;
 conduciravos
do mesmo xeito que o río
vai do mar até o misterio:
único camiño que
vos pode levar á eternidade.

FISTERRA

Ceguei a Fisterra, alí onde
o sol esmaiado e silandeiro
morre no mar como unha bágoa.
Todo o peso da lenda
cai no meu corazón:
tal unha pedra
no escuro noitébrego dun pozo.
Olo pasar o vento
purísimo e despido:
a súa voz é laio arrepiado
na imprecisa néboa do meu ser.
Ceguei até Fisterra,
fin do mundo:
aquí
o tempo inmovilízase
e a vida comeza a súa
inexorábel conta cara atrás.


GALICIA


Galicia docemente
está ollando o mar:
ten vales e montañas
e terras para labrar!

Ten portos, mariñeiros,
ciudades e labregos
cargados de traballos,
cargados de trafegos!

Galicia é unha nai
velliña, soñadora:
na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
Pero hai outra Galicia
que vai no sentimento!






IRMAO: deixache o pó destes camiños
e o corazón prendido nas silveiras
escoando ledicias e orballos!
Fuxiche como un anxo cheo de medo
polo vieiro branco dos teus soños!
Irmao: como me doi na alma!
Deixache o gando e os paxaros,
o marmurio calado do pai Miño,
a quietude infantil do noso pobo
e a gracia xentil das centeeiras!
Deixáchelle á nosa nai un oco grande,
unha dor inmensa que a fire
como un longo coitelo traidor...!
Agora estás con Deus, sobor da terra,




No hai no mundo nada máis fondo
e máis perfecto que a alegría;
o puro goce de vivir: alto e claro,
o identificarse coa vida e sentir
o lume do sol correndo polas veas.
Tal o cervo agallopando veloz
o sagrado corazón do bosque,
delirio de cores e luces
que enche de paz e de harmonía
este vello e gastado corazón.



DESTERRO

Síntome desterrado dentro de min,
mesmo na fronteira do non ser
onde a melancolía se fai mágoa
e a única seguridade é a incerteza.
Até min chega o mundo externo
como un rumor apenas perceptíbel.
Onde está a beleza da maxia,
fonda e escura da palabra?
Onde
a paisaxe que un ama e recoñece?
Nada queda xa dos libros sacros.
Un comeza a cavilar sobresaltado
se a vella, amada tribu, non será
só fileira de sombras e fantasmas.



Todos os poemas están extraídos do libro *Antoloxía poética de Manuel María*, editorial Espiral Maior.

Alumnado que colaborou nesta actividade para celebrar o Día das Letras Galegas:

CAC «Rosas», JAF «Galicia», RdDR «Desterro», AGL «Verbas a miña nai», AGF «Fisterra», HGP «O corvo», EKB «O Miño», IRR «Reconciliádevos coa terra», ARR «Irmao», AVG «Non hai no mundo nada máis fondo».